



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 479

VIII legislatura

27 de maio de 2011

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

- 08/PNC-1804(64762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a decisión que debe tomar o Goberno galego respecto do proxecto de explotación mineira a ceo aberto no monte de Bréamo, nos lugares de Cermuzo e Buíña, entre os concellos de Miño e Pontedeume [144007](#)

- 08/PNC-1805(64855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a protección dos integrantes da denominada "Frota da Liberdade", que vai dirixirse a Gaza en misión humanitaria [144010](#)

- 08/PNC-1806(64887)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barros Sánchez, Natalia
Sobre o desenvolvemento da zonificación turística de Galicia mediante a creación de xeodestinos tipificados por produtos que permitan unha ordenación do territorio en función dos movementos e das motivacións da demanda [144012](#)

- 08/PNC-1807(64890)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barros Sánchez, Natalia
Sobre o desenvolvemento dunha enquisa de demanda turística en destino en Galicia de carácter anual [144014](#)

- 08/PNC-1808(64909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad, etres deputados máis

Sobre o establecemento de axudas polo Goberno galego para a frota de arrastre paralizada polo esgotamento da cota de lirio asignada a España co fin de posibilitar o mantemento da súa actividade e garantir o emprego no futuro [144016](#)

- 08/PNC-1809(64912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis

Sobre o establecemento de medidas de axuda para paliar os efectos na frota artesanal do esgotamento da cota asignada a España en determinadas especies, así como un paro biolóxico retribuído para a frota que se dedica á captura do polbo [144018](#)

- 08/PNC-1810(64936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e tres deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos procesos de taxación e poxa das vivendas nos casos de execución hipotecaria, así como o establecemento dun seguro de pagamentos protexido para a compra da primeira vivenda [144020](#)

- 08/PNC-1811(64938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a promoción polo Goberno galego da instalación de empresas nos polígonos industriais da Costa da Morte, nomeadamente no de Vimianzo [144023](#)

- 08/PNC-1812(64944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do despedimento de persoas traballadoras nas empresas con beneficios [144025](#)

- 08/PNC-1814(64947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e tres deputados máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coas remuneracións dos directivos ou membros do Consello de Administración de Novacaixagalicia, así como das condicións laborais dos seus traballadores [144028](#)

- 08/PNC-1816(64954)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o pagamento da axuda especial aos traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego [144031](#)

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

- 08/CPC-0241(64900)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para informar do futuro decreto de atención á diversidade [144034](#)

- 08/CPC-0242(64902)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para informar sobre a evolución da posta en marcha do Proxecto Abalar [144035](#)

- 08/CPC-0243(64904)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para informar sobre as xestións para potenciar a FP en Galicia [144036](#)

- 08/CPC-0244(64905)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia, para presentar o Informe sobre a xestión do servizo público da CRTVG e as súas sociedades dependentes correspondente ao exercicio 2010 [144037](#)

- 08/CPC-0245(64976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para que explique o proceso de expropiación seguido na estrada PO-548, ao seu paso polo concello de Valga [144038](#)

4.3. Preguntas

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

- 08/POC-7039(64757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Suárez Canal, Alfredo

Sobre as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para non cubrir con profesores substitutos os permisos labo-

rais aos que ten dereito o profesorado galego que participa nas eleccións municipais de maio de 2011 [144039](#)

- 08/POC-7040(64761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego respecto da autorización do proxecto de explotación mineira a ceo aberto, nomeadamente de anfíbolita, entre os concellos de Miño e Pontedeume, os procesos de extracción previstos e o seu impacto, así como a vía de acceso que prevé sobre o trazado do Camiño Inglés a Santiago [144041](#)

- 08/POC-7041(64768)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 5 deputados máis
Sobre o custo da execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se declaran ilegais unhas vivendas construídas no concello de Fisterra [144044](#)

- 08/POC-7042(64769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e Rego González, Ismael
Sobre o custo da execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se declaran ilegais unhas vivendas construídas no concello de Barreiros [144046](#)

- 08/POC-7043 (64770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e seis deputados máis
Sobre os custos derivados da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula o proxecto do polígono industrial de Barro-Meis, promovido pola Deputación Provincial de Pontevedra, e se pon de manifesto a ausencia de servizos nesa actuación [144048](#)

- 08/POC-7044(64819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e tres deputados máis
Sobre a situación na que se atopa Novacaixagalicia respecto da superación dos tests de estrés sen a achega dos recursos públicos do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e as consecuencias para unha entidade no caso de non superalos [144050](#)

- 08/POC-7045(64830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e dous deputados máis

Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia do proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, na parroquia de Vincios, no concello de Gondomar, os datos referidos á repercusión dos custos da expropiación e urbanización nas empresas xa existentes, así como na comunidade de montes, e os prazos previstos ao respecto [144052](#)

- 08/POC-7046(64841)(64852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, Carmen, e Cajide Hervés, María del Carmen
Sobre os datos, a autorización e os informes que posúe a Xunta de Galicia respecto do [144055](#)

- 08/POC-7047(64857)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto
Sobre as queixas formuladas polos profesionais da sanidade en relación coa aplicación do complemento de produtividade variable, e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto [144058](#)

- 08/POC-7048(64859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto
Sobre as repercusións de non cubrir a baixa laboral do responsable do Servizo de Hematoloxía do Hospital de Cee na atención prestada nel así como no Complexo Hospitalario da Coruña, os datos e as previsións ao respecto [144061](#)

- 08/POC-7049(64870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia
Sobre os empregos perdidos e os resultados económicos acadados durante os anos 2010 e 2011 no sector forestal da silvicultura e da madeira, as políticas postas en marcha e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto [144063](#)

- 08/POC-7050(64880)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Valcárcel Gómez, Marta, e tres deputados máis
Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en relación coa mellora ambiental do río Tea [144065](#)

- 08/POC-7051(64906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis

Sobre as previsións da Consellería do Mar respecto do establecemento de axudas para a frota afectada polo esgotamento da cota de lirio asignada a España, así como dalgún paro biolóxico para as especies nas que opera a frota artesanal, nomeadamente para o polbo

[144067](#)

- 08/POC-7052(64940)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario relativo á axilización da instalación de empresas nos polígonos industriais da Costa da Morte, nomeadamente no de Vimianzo, a concreción nel do denominado "Plan Revive Costa da Morte" presentado no ano 2010, e os prazos previstos para a posta en funcionamento das redes de abastecemento e saneamento das augas

[144070](#)

- 08/POC-7053(64952)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique

Sobre o pagamento da axuda especial aos traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego

[144073](#)

- 08/POC-7054(64979)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Valcárcel Gómez, Marta, e catro deputados máis

Sobre a situación na que se atopa a zona de erradicación do nematodo do piñeiro, a realización de controis sanitarios e a recollida de mostras como medidas preventivas, así como a cuantificación e reparación dos posibles danos ocasionados pola maquinaria pesada utilizada nos traballos de tala e retirada das árbores afectadas, e as medidas de axuda previstas ao respecto

[144076](#)

4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

- 08/5PRE-3586(64759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme ,e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para non cubrir con profesores substitutos os permisos laborais aos que ten dereito o profesorado galego que participa nas eleccións municipais de maio de 2011

[144079](#)

- 08/5PRE-3588(64829)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego respecto da autorización do proxecto de explotación mineira a ceo aberto, nome-

adamente de anfíbolita, entre os concellos de Miño e Pontedeume, os procesos de extracción previstos e o seu impacto, así como a vía de acceso que prevé sobre o trazado do Camiño Inglés a Santiago

[144081](#)

- 08/5PRE-3589(64832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e dous deputados máis
Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia do proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, na parroquia de Vincios, no concello de Gondomar, os datos referidos á repercusión dos custos da explotación e urbanización nas empresas xa existentes, así como na comunidade de montes, e os prazos previstos ao respecto

[144084](#)

- 08/5PRE-3590(64842)(64852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, Carmen, e Cajide Hervés, María del Carmen
Sobre os datos, a autorización e os informes que posúe a Xunta de Galicia respecto do impacto medioambiental e na saúde das persoas dos vertidos de lodos levados a cabo nos primeiros días do mes de maio de 2011 nun terreo próximo á minicentral de Brandariz e do río Umia, no concello de Vila de Cruces

[144087](#)

- 08/5PRE-3591(64858)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, Carmen. e Pose Mesura, Modesto
Sobre as queixas formuladas polos profesionais da sanidade en relación coa aplicación do complemento de produtividade variable, e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto

[144090](#)

- 08/5PRE-3592(64861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, Carmen
Sobre as repercusións de non cubrir a baixa laboral do responsable do Servizo de Hematoloxía do Hospital de Cee na atención prestada nel así como no Complexo Hospitalario da Coruña, os datos e as previsións ao respecto

[144093](#)

- 08/5PRE-3593(64942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre o cumprimento do acordo parlamentario relativo á axilización da instalación de empresas nos polígonos industriais da Costa da Morte, nomeadamente no de Vimianzo, a concreción nel do denominado "Plan Revive Costa da Morte" presentado no ano 2010, e os prazos previstos para a posta en funcionamento das redes de abastecemento e saneamento das augas

[144095](#)

- 08/5PRE-3594(64951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre o pagamento da axuda especial aos traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego [144098](#)

- 08/5PRE-3595(64978)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Valcárcel Gómez, Marta, e catro deputados máis

Sobre a situación na que se atopa a zona de erradicación do nematodo do piñeiro, a realización de controis sanitarios e a recollida de mostras como medidas preventivas, así como a cuantificación e reparación dos posibles danos ocasionados pola maquinaria pesada utilizada nos traballos de tala e retirada das árbores afectadas, e as medidas de axuda previstas ao respecto [144101](#)

A Mesa do Parlamento, na reunión do 18 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 08/PNC-1804(64762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a decisión que debe tomar o Goberno galego respecto do proxecto de explotación mineira a ceo aberto no monte de Bréamo, nos lugares de Cermuzo e Buíña, entre os concellos de Miño e Pontedeume
Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-1805(64855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a protección dos integrantes da denominada “Frota da Liberdade”, que vai dirixirse a Gaza en misión humanitaria
Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/PNC-1806(64887)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barros Sánchez, Natalia
Sobre o desenvolvemento da zonificación turística de Galicia mediante a creación de xeodestinos tipificados por produtos que permitan unha ordenación do territorio en función dos movementos e das motivacións da demanda
Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-1807(64890)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barros Sánchez, Natalia
Sobre o desenvolvemento dunha enquisa de demanda turística en destino en Galicia de carácter anual
Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-1808(64909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad, etres deputados máis

Sobre o establecemento de axudas polo Goberno galego para a frota de arrastre paralizada polo esgotamento da cota de lirio asignada a España co fin de posibilitar o mantemento da súa actividade e garantir o emprego no futuro

Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/PNC-1809(64912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis
Sobre o establecemento de medidas de axuda para paliar os efectos na frota artesanal do esgotamento da cota asignada a España en determinadas especies, así como un paro biolóxico retribuído para a frota que se dedica á captura do polbo
Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/PNC-1810(64936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e tres deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos procesos de taxación e poxa das vivendas nos casos de execución hipotecaria, así como o establecemento dun seguro de pagamentos protexido para a compra da primeira vivenda
Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/PNC-1811(64938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a promoción polo Goberno galego da instalación de empresas nos polígonos industriais da Costa da Morte, nomeadamente no de Vimianzo
Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/PNC-1812(64944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do despedimento de persoas traballadoras nas empresas con beneficios
Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/PNC-1814(64947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e tres deputados máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coas remuneracións dos directivos ou membros do

Consello de Administración de Novacaixagalicia, así como das condicións laborais dos seus traballadores

Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/PNC-1816(64954)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o pagamento da axuda especial aos traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 08/CPC-0241(64900)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para informar do futuro decreto de atención á diversidade

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/CPC-0242(64902)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para informar sobre a evolución da posta en marcha do Proxecto Abalar

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/CPC-0243(64904)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para informar sobre as xestións para potenciar a FP en Galicia

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/CPC-0244(64905)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia, para presentar o Informe sobre a xestión do servizo público da CRTVG e as súas sociedades dependentes correspondente ao exercicio 2010

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía da RTVG

- 08/CPC-0245(64976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para que explique o proceso de expropiación seguido na estrada PO-548, ao seu paso polo concello de Valga

Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

4.3. Preguntas

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 08/POC-7039(64757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para non cubrir con profesores substitutos os permisos laborais aos que ten dereito o profesorado galego que participa nas eleccións municipais de maio de 2011
Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-7040(64761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego respecto da autorización do proxecto de explotación mineira a ceo aberto, nomeadamente de anfibolita, entre os concellos de Miño e Pontedeume, os procesos de extracción previstos e o seu impacto, así como a vía de acceso que prevé sobre o trazado do Camiño Inglés a Santiago

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-7041(64768)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 5 deputados máis
Sobre o custo da execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se declaran ilegais unhas vivendas construídas no concello de Fisterra
Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/POC-7042(64769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e Rego González, Ismael
Sobre o custo da execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se decláran ilegais unhas vivendas construídas no concello de Barreiros
Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/POC-7043 (64770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e seis deputados máis
Sobre os custos derivados da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula o proxecto do polígono industrial de Barro-Meis, promovido pola Deputación Provincial de Pontevedra, e se pon de manifesto a ausencia de servizos nesa actuación
Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/POC-7044(64819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e tres deputados máis
Sobre a situación na que se atopa Novacaixagalicia respecto da superación dos tests de estrés sen a achega dos recursos públicos do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e as consecuencias para unha entidade no caso de non superalos
Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

- 08/POC-7045(64830)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e dous deputados máis
Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia do proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, na parroquia de Vincios, no concello de Gondomar, os datos referidos á repercusión dos custos da expropiación e urbanización nas empresas xa existentes, así como na comunidade de montes, e os prazos previstos ao respecto
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-7046(64841)(64852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, Carmen, e Cajide Hervés, María del Carmen
Sobre os datos, a autorización e os informes que posúe a Xunta de Galicia respecto do
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-7047(64857)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto
Sobre as queixas formuladas polos profesionais da sanidade en relación coa aplicación do complemento de produtividade variable, e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto
Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-7048(64859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto
Sobre as repercusións de non cubrir a baixa laboral do responsable do Servizo de Hematoloxía do Hospital de Cee na atención prestada nel así como no Complexo Hospitalario da Coruña, os datos e as previsións ao respecto
Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-7049(64870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia
Sobre os empregos perdidos e os resultados económicos acadados durante os anos 2010 e 2011 no sector forestal da silvicultura e da madeira, as políticas postas en marcha e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto
Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-7050(64880)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Valcárcel Gómez, Marta, e tres deputados máis
Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en relación coa mellora ambiental do río Tea
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-7051(64906)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis
Sobre as previsións da Consellería do Mar respecto do establecemento de axudas para a frota afectada polo esgotamento da cota de lirio asignada a España, así como dalgún paro biolóxico para as especies nas que opera a frota artesanal, nomeadamente para o polbo
Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

- 08/POC-7052(64940)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre o cumprimento do acordo parlamentario relativo á axilización da instalación de empresas nos polígonos industriais da Costa da Morte, nomeadamente no de Vimianzo, a concreción nel do denominado “Plan Revive Costa da Morte” presentado no ano 2010, e os prazos previstos para a posta en funcionamento das redes de abastecemento e saneamento das augas

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-7053(64952)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre o pagamento da axuda especial aos traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-7054(64979)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Valcárcel Gómez, Marta, e catro deputados máis
Sobre a situación na que se atopa a zona de erradicación do nematodo do piñeiro, a realización de controis sanitarios e a recollida de mostras como medidas preventivas, así como a cuantificación e reparación dos posibles danos ocasionados pola maquinaria pesada utilizada nos traballos de tala e retirada das árbores afectadas, e as medidas de axuda previstas ao respecto

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 08/5PRE-3586(64759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para non cubrir con profesores substitutos os permisos laborais aos que ten dereito o profesorado galego que participa nas eleccións municipais de maio de 2011

- 08/5PRE-3588(64829)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego respecto da autorización do proxecto de explotación mineira a ceo aberto, nomeadamente de anfíbolita, entre os concellos de Miño e Pontedeume, os procesos de extracción previstos e o seu impacto, así como a vía de acceso que prevé sobre o trazado do Camiño Inglés a Santiago

- 08/5PRE-3589(64832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e dous deputados máis
Sobre a aprobación pola Xunta de Galicia do proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, na parroquia de VINCOS, no concello de Gondomar, os datos referidos á repercusión dos custos da expropiación e urbanización nas empresas xa existentes, así como na comunidade de montes, e os prazos previstos ao respecto

- 08/5PRE-3590(64842)(64852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, Carmen, e Cajide Hervés, María del Carmen
Sobre os datos, a autorización e os informes que posúe a Xunta de Galicia respecto do impacto medioambiental e na saúde das persoas dos vertidos de lodos levados a cabo nos primeiros días do mes de maio de 2011 nun terreo próximo á minicentral de Brandariz e do río Umia, no concello de Vila de Cruces

- 08/5PRE-3591(64858)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, Carmen, e Pose Mesura, Modesto
Sobre as queixas formuladas polos profesionais da sanidade en relación coa aplicación do complemento de produtividade variable, e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto

- 08/5PRE-3592(64861)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, Carmen
Sobre as repercusións de non cubrir a baixa laboral do responsable do Servizo de Hematoloxía do Hospital de Cee na atención prestada nel así como no Complexo Hospitalario da Coruña, os datos e as previsións ao respecto

- 08/5PRE-3593(64942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario relativo á axilización da instalación de empresas nos polígonos industriais da Costa da Morte, nomeadamente no de Vimianzo, a concreción nel do denominado “Plan Revive Costa da Morte” presentado no ano 2010, e os prazos previstos para a posta en funcionamento das redes de abastecemento e saneamento das augas

- 08/5PRE-3594(64951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre o pagamento da axuda especial aos traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego

- 08/5PRE-3595(64978)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Valcárcel Gómez, Marta, e catro deputados máis

Sobre a situación na que se atopa a zona de erradicación do nematodo do piñeiro, a realización de controis sanitarios e a recollida de mostras como medidas preventivas, así como a cuantificación e reparación dos posibles danos ocasionados pola maquinaria pesada utilizada nos traballos de tala e retirada das árbores afectadas, e as medidas de axuda previstas ao respecto

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e da deputada **Ana Luísa Bouza Santiago** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 6ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á explotación mineira situada entre os concellos de Pontedeume e Miño .

No DOG do día catorce do mes pasado publicábase a Resolución do 18 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto de explotación, estudo de impacto e plan de restauración para a autorización de aproveitamento de recursos da sección A) Palacio número 167, situado nos concellos de Miño e Pontedeume, da provincia da Coruña e promovido por Comercio, Transportes y Auxiliares, S.L.

Dito proxecto de explotación, parece ser que pretende que pretende explotar os aproveitamentos mineiros, especialmente a anfíbolita, ao ceo aberto e en chanzos “por motivos económicos”, obtendo o mineral mediante perforacións e voaduras, sen descartar os medios mecánicos.

Dita explotación, que ao parecer, pretende ocupar unha extensión de 41.640 m², estará situada a menos de 50 metros de varias casas, a 340 mts. da ermida románica no monte de Bréamo e a menos de 500 mts. dos núcleos de Cermuzo e Buiña tamén proxecta unha vía de acceso que vai discorrer sobre o trazado do Camiño Inglés de Santiago.

A súa vez destacar que o monte Breamo é un lugar singular polos seus valores históricos e naturais, moi sensíbel a un impacto deste tipo e que o enclave da mina na ladeira sur do monte, linda coa zona de protección de dita ermida románica do século X.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este tipo de explotacións teñen un grande impacto, non so medioambiental, senón tamén sobre a saúde humana, esixindo unhas preventivas e de protección tanto de carácter individual como colectivas, xa que repercuten de xeito directo as persoas que están traballando na propia explotación e, de xeito indirecto, nas que residen nas proximidades.

Dado os argumentos expostos anteriormente, é polo que presentamos a seguinte proposición non de lei Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta ao Goberno galego a:

Non autorizar a explotación mineira a ceo aberto no monte de Bréamo nos lugares de Cermuzo e Buíña, entre os Concellos de Pontedeume e Miño.

Santiago de Compostela, 5 de maio do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Ana Luísa Bouza Santiago


Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 06/05/2011 10:34:24




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Luisa Bouza Santiago na data 06/05/2011 10:34:29

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 06/05/2011 10:34:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2011 17:03
Nº Rexistro: 64855
Data envío: 09/05/2011 17:03:31.762

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa á protección da frota da liberdade cara a Gaza bloqueada militarmente polo Estado de Israel.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2010 forzas especiais do exército de Israel asaltaron unha embarcación turca que facía a parte da denominada frota da liberdade, coa que organizacións e diversos países tentaron romper a blocaxe criminal que o Estado de Israel mantén sobre a faixa de Gaza.

Como resultado do asalto perpetrado en augas internacionais foron asasinados diversos activistas sen que, até o momento, os responsábeis destas mortes fosen nin tan siquer xulgados.

Un ano despois, unha nova frota da liberdade vaise dirixir novamente a Gaza co fin de lles facer chegar aos seus habitantes alimentos, medicinas e a solidariedade de moitos pobos que, como o galego, defenden a causa de Palestina. Dado que nesta misión humanitaria van participar diversas persoas e organizacións galegas, formulase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2011 17:03
Nº Rexistro: 64855
Data envío: 09/05/2011 17:03:31.762

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno español que protexa a vida e a integridade dos integrantes da frota da liberdade, através de todos os medios ao seu alcance”.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 09/05/2011 16:58:51

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa da deputada **Natalia Barros Sánchez**, ó abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos

No Plan de Acción do Turismo de Galicia, identifícase dentro da política de ordenación, estratexia de planificación, a acción 2 : “Matriz destino/productos. Xeodestinos. Zonificación turística en base a compartir produto/singularidades turísticas.”

Esta acción, ten unha especial relevancia para o noso turismo, tanto no que compete á definición do noso produto turístico, onde podemos establecer Galicia como un multi-destino, dada a diversidade de oferta da nosa Comunidade, como na ordenación do noso territorio, e mesmo na coordinación das distintas administracións , para un mellor aproveitamento dos recursos e a súa posta en valor e promoción turística.

Xa existen zonas claramente identificadas como áreas de interese turístico pola súa peculiaridade , como pode ser as Rías Baixas, a Ribeira Sacra, ou o Eume, pero deberíase de definir o mapa de microdestinos de Galicia, que baixo unha marca paraugas “Galicia”, potenciase o desenvolvemento e promoción turística diferenciada de áreas, que de maneira natural comparten unha clara oferta turística singular, que permitiría unha maior diversidade para a mellora da competitividade do noso sector turístico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver a zonificación turística da nosa Comunidade mediante a creación de xeodestinos tipificados por produtos que permitan unha ordenación do territorio en función dos movementos e motivacións da demanda”.

Santiago de Compostela, 10 de Maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/05/2011 13:46:03

Natalia Barros Sánchez na data 10/05/2011 13:46:15

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e a iniciativa da deputada **Natalia Barros Sánchez**, ó abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos

A enquisa de Destino (37103 Análise estatística sobre o turismo. Enquisa en destino), recollida no Plan Galego de Estatística 2007-2011, é a principal fonte de información sobre comportamento do turista en Galicia. Permite coñecer desde o seu perfil ata os seus hábitos de gasto, pasando polas motivacións da viaxe a Galicia ou as actividades que realizou durante a súa estadía. É, por tanto, a pedra angular na que se sustenta o coñecemento da demanda turística na nosa comunidade. Esta operación era, ata o de agora, de carácter estival, o que supón unha clara limitación á hora de tentar coñecer as características do turista en Galicia en diferentes períodos do ano.

A importancia de levar a cabo unha operación estatística anual, queda de manifesto ao ser a única en Galicia destinada a coñecer e estudar, dunha forma completa e exhaustiva, as principais características da demanda turística na nosa comunidade. Este aspecto, de por si relevante, permite ademais ampliar o coñecemento da estrutura turística de Galicia así como das súas dinámicas de comportamento, isto é, de como os diferentes elementos que conforman a nosa marca e identidade como destino vanse modificando no tempo.

Neste sentido, esta operación estatística non só permitiría ter un coñecemento profundo do perfil e comportamento do turista en Galicia e nutrir unha parte fundamental da información necesaria para a realización da Conta Satélite do Turismo de Galicia que está en fase de proxecto, senón tamén obter elementos de rigor para a toma de decisións eficiente no ámbito da planificación e xestión turística, tanto das administracións públicas como do sector privado.

Por isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha Enquisa de Demanda Turística en Destino de Galicia de carácter anual que permita coñecer e estudar, de forma completa e exhaustiva, as principais características da demanda turística na nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 10 de Maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/05/2011 13:49:31

Natalia Barros Sánchez na data 10/05/2011 13:49:39



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O peche de determinadas pesqueiras, como é o caso da pescada e do lirio, implica o amarre dunha parte considerable da nosa flota de arrastre e un serio prexuízo económico para unha parte considerable da nosa flota artesanal.

O Estado ten acordado coas organizacións que representan a nosa flota de arrastre de litoral o establecemento de axudas, asociadas ao período de paro establecido no Plan de Recuperación da Pescada do Sur, que en conxunto suman uns nove millóns de euros. Non obstante a Comunidade Autónoma de Galicia non parece que estea disposta a seguir o exemplo, nin no caso do arrastre nin no caso da flota artesanal e de baixura.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que, independentemente da opinión que todos temos sobre a decisión da UE de recortar a cota de lirio dun xeito tan brutal para a flota española, a Xunta de Galicia conta con recursos suficientes como para facer fronte a medidas, complementarias das do Estado ou propias, para procurar que a flota salga o menos afectada posible desta situación puntual. Moitos deses fondos proveñen da propia UE e cofinancian estas e outras accións semellantes.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer as axudas que considere necesarias que permitan á flota de arrastre, afectada pola paralización por esgotamento de cota de lirio asignada a España, manterse na actividade e garantir o emprego para o futuro.

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 11/05/2011 11:42:05

María José Caride Estévez na data 11/05/2011 11:42:10

José Manuel Gallego Lomba na data 11/05/2011 11:42:23

Francisco Xulio Cerviño González na data 11/05/2011 11:42:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/05/2011 11:42:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A flota artesanal está a sufrir as consecuencias do peche de determinadas pesqueiras por esgotamento da cota asignada a España pola UE: pescada, xarda, etc. Ao mesmo tempo están próximas a entrar en vigor a veda do polbo e da centola.

O Estado ten acordado cos representantes do arrastre as axudas e medidas compensatorias que palién os efectos que, sobre esta flota, vai ter a paralización. Non obstante, a Xunta de Galicia non nos consta que teña establecido ningunha medida de apoio e axuda, complementaria da do Estado ou propia, neste sentido.

Máis sorprendente nos parece que non se teña previsto establecer ningún tipo de axuda para a flota artesanal, afectada tamén pola prohibición de pescar estas especies, ou polas vedas que en breve estarán vixentes.

Por esta razón, o Grupo Parlamentario Socialista presenta, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Decretar, na liña das acordadas polo Estado coa flota de arrastre, medidas de axuda á flota artesanal que palién os efectos que sobre ela ten o esgotamento da cota concedida a España de determinadas especies.


2.º) Decretar un paro biolóxico retribuído á flota que se dedica á captura do polbo.

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
María Soledad Soneira Tajés na data 11/05/2011 12:14:37

María José Caride Estévez na data 11/05/2011 12:14:42

.....
José Manuel Gallego Lomba na data 11/05/2011 12:14:54

Francisco Xulio Cerviño González na data 11/05/2011 12:14:58

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/05/2011 12:15:02



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas dos deputados e deputadas **M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba e Carmen Acuña Do Campo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Hoxe son moitas as familias galegas que adquiriron a súa vivenda cun crédito hipotecario e que teñen serias dificultades para facer fronte aos pagos da mesma. Esta situación é especialmente dramática para aqueles cidadáns que perderon o seu traballo así como para as 70.000 familias nas que todos os seus membros están parados.

A vixente Lei hipotecaria establece a responsabilidade persoal ilimitada do debedor como criterio xeral, que responderá con todos os seus bens presentes e futuros. Así, ante unha execución hipotecaria as familias afectadas enfróntanse a unha situación dobremente grave, xa que ao drama familiar de perder a vivenda únese, en moitos casos, a necesidade de devolver parte da débeda restante ata liquidala.

Esta situación, sempre dura para as familias desafiuzadas, resulta aínda mais onerosa na actual crise económica e inmobiliaria. En numerosas ocasións o valor de taxación de referencia para a subhasta está moi por debaixo do importe do préstamo hipotecario, algo que ocorre non só derivado da crise senón da propia burbulla inmobiliaria que bancos e caixas contribuíron a formar.

No caso de que a situación económica da familia derive na execución hipotecaria, en moitas ocasións, as familias atópanse indefensas ante a determinación do valor de taxación de referencia para a subhasta e o propio proceso de subhasta.

O Estado e a Xunta de Galicia teñen a obriga de facer efectivo o dereito constitucional a unha vivenda digna, polo que ante este drama social non poden mirar para outro lado.



Grupo Parlamentario

Por estes motivos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Avaliar e revisar os procesos de subhasta para evitar os fallos de transparencia e competencia que limitan os dereitos das familias que perden o súa vivenda nun proceso de execución hipotecaria.
- Realizar os cambios normativos oportunos para que os procesos de determinación da taxación de referencia impidan que sexan empresas vinculadas á propia entidade financeira as que determinen o valor de taxación.
- Promover acordos cas entidades financeiras para facilitar que as familias desafiuzadas podan manter a súa residencia como inquilinos.
- Establecer un seguro de pagos protexidos para a compra de primeira vivenda residencia habitual, dito seguro terá unha aplicación práctica a través de convenios cas entidades financeiras que garantan a publicidade do mesmo.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez

Ismael Rego González

Manuel Gallego Lomba

Carmen Acuña do Campo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 06/05/2011 16:20:00

Ismael Rego González na data 06/05/2011 16:20:10




Grupo Parlamentario

José Manuel Gallego Lomba na data 06/05/2011 16:20:21

María del Carmen Acuña do Campo na data 06/05/2011 16:20:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/05/2011 13:46:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2011 17:18
Nº Rexistro: 64938
Data envío: 11/05/2011 17:18:23.433

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa á promoción de instalación de empresas no polígono de Vimianzo.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2009 o Parlamento acordou por unanimidade, a instancias do BNG, instar á Xunta a axilizar a instalación de empresas nos polígonos empresariais da Costa da Morte a meio de axudas e de abaratamento do prezo das parcelas. Por máis que en setembro de 2010 o conselleiro de Economía e Industria anunciara na Laracha o denominado “Plan Revive Costa da Morte”, presentado como o revulsivo que ía dinamizar a comarca, o polígono industrial de Vimianzo, ao igual que outros da comarca, seguen criando xestas, sen parcelar, sen servizos, sen ningunha industria instalada e sen que nin por parte da Xunta nin do goberno español se adoptase medida ningunha para promover a instalación de empresas, ben a meio de axudas ou através da rebaixa do prezo das parcelas.

Así as cousas, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta á Xunta a promover, através de axudas directas e da rebaixa do prezo das parcelas, a instalación de empresas nos polígonos industriais da Costa da Morte e, en particular, no de Vimianzo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2011 17:18
Nº Rexistro: 64938
Data envío: 11/05/2011 17:18:23.433

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 11/05/2011 17:08:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao despedimento de persoas traballadoras en empresas con beneficios.

Fai uns cantos días, a empresa de telecomunicacións Telefónica, nunha xunta de investidores, anunciou que pretendía eliminar o 20% dos seus traballadores e traballadoras, o que representaba un total de 6.500 persoas que pasarían a engrosar a lista do desemprego e nuns momentos nos que esta operadora transnacional gañou no ano pasado 10.167 millóns de euros, un 30,8% máis que no exercicio anterior.

Lonxe de contentarse cos resultados económicos e, practicamente, ao mesmo tempo, anuncia un dividendo para os bancos e fondos de investimentos de 1,75 € por acción, que supera o 10% do valor actual, ata acadar os 7.300 millóns de euros e un plan de incentivos para a direccións de máis de 560 millóns, dos que 50 son para os tres directivos principais.

Nembargantes este exercicio nas relacións laborais, non so se reduce a este anuncio e uso e abuso xa recorrente da permisividade da lexislación laboral, senón que sigue a profundar na precarización das condicións de traballo ao despedir, utilizando diñeiros públicos, a traballadores e traballadoras con baixas xustificadas, a reducir salarios ata o 25% nas táboas salariais ou a pasar ás subcontratas a actividade que pode desenvolver o seu plantel actual.

Esta praxe ten unhas consecuencias nefastas non so para o emprego e a súa calidade senón, tamén, na redución dos investimentos nas redes e servizos cun deterioro e unha diminución nas prestacións considerábeis que sempre terminan padecendo a persoa usuaria final e ten unha incidencia na competitividade e a produtividade no



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballo, nomeadamente nas pemes e coartando, de feito, o acceso a un servizo básico e universal para toda a cidadanía abrindo, aínda máis, a marxinação de territorios e persoas.

A reiteración destas costumes evidencia, unha vez máis, que a crise económica non repercute dun xeito por igual a todos, incidindo nunha práctica especulativa e seguir camiñando no incremento da desigualdade no reparto da renda, por moita xustificación que se pretenda dar. A súa vez repercute nunha maior limitación da actuación pública ao destinar recursos das administracións nunha dirección contraria por onde camiñan estas empresas: no apoio e na creación de emprego.

Dado que a utilización destes recursos normativos e económicos é reiterado, e dada as condicións económicas nas que estamos inmersos, é polo que nos motiva a presentar a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:


O Parlamento galego insta ao Goberno da Xunta a :

1ª) Manifestarse totalmente contrario a este tipo de prácticas abusivas da lexislación vixente e dos recursos públicos para a destrución de emprego.

2ª) Instar ao Goberno galego a promover unha maior constatación das causas reais que poidan xustificar as empresas para motivar un expediente de regulación de emprego.

Instar ao Goberno do Estado a:

1. Modificar a normativa vixente para impedir o despedimento de traballadores/traballadoras en empresas con beneficios.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Calquera reestruturación do persoal de empresas con beneficios sexa asumido pola propia empresa.
3. Promover medidas legislativas para evitar que as indemnizacións por despido sexan un gasto deducíbel no imposto de sociedades e para empresas con beneficios.
4. Promover medidas legais para limitar os abusivos salarios dos directivos de transnacionais e corporacións financeiras para acadar unha proporción sensata respecto ás persoas asalariadas.
5. Recuperar a presenza da administración nas empresas de carácter estratéxico.

Santiago de Compostela, 11 de maio do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 11/05/2011 18:50:14

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 11/05/2011 18:50:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas dos deputados e deputadas **M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba e Carmen Acuña Do Campo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O proceso de reestruturación do sistema financeiro está a producir un reaxuste interno dentro das entidades. Dito axuste terá repercusións tanto en desinvestimento en participadas, como na venda de parte do negocio, na mellora de eficiencia interna e axuste laboral.

En particular, o Plan de Viabilidade de Novacaixagalicia prevé a redución de preto de 500 millóns de euros por axuste interno, que poden afectar tanto á vinculación da entidade cos sectores produtivos galegos, como ao cadro de persoal e á prestación de servizos financeiros aos usuarios.

En todo este proceso chama a atención que mentres a entidade axusta os seus custes, aparecen informacións en diferentes medios económicos sobre os incrementos salariais dos directivos de dita entidade. Así, a información publicada o 26 de marzo de 2011, no diario Cinco Días, ata o de agora non desmentida, sinala que Novacaixagalicia incrementou entre 2009 e 2010 un 71,18% a remuneración das súas cúpulas directivas. De este xeito, das 35 caixas analizadas, 15 incrementaron a remuneración dos seus directivos, sendo Novacaixagalicia a de maior incremento.

Esta información resulta paradóxica cando son entidades que precisaron, e precisan, recursos públicos para garantir a solvencia e aprobar os test de stress. Mais aínda cando están a producirse ou prevense axustes do seu cadro de persoal.

Neste contexto de reestruturación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o goberno galego a:

- Adoptar as medidas necesarias para garantir que os directivos de Novacaixagalicia adopten as limitacións precisas nas súas remuneracións para que ningún directivo ou membro do consello de administración obteña remuneracións ou compensacións superiores ás que percibía antes da fusión, nin antes da crise financeira, nin podan incrementar ditas cantidades mentres a entidade precise a inxección de recursos públicos.
- Promover unha solución concertada entre traballadores e entidade para calquera alteración das condicións laborais en Novacaixagalicia.
- Adoptar as medidas precisas para que, de producirse reducións na remuneración ou incentivos aos traballadores, se apliquen tamén aos cargos directivos da entidade.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Manuel Gallego Lomba
Carmen Acuña do Campo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 12/05/2011 9:27:34

Ismael Rego González na data 12/05/2011 9:27:38

José Manuel Gallego Lomba na data 12/05/2011 9:27:48

María del Carmen Acuña do Campo na data 12/05/2011 9:27:54



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/05/2011 9:27:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 5ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao pagamento da axuda especial a traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego.

Como consecuencia da extinción do contrato de traballo derivado dos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo do 2011 e do 25/2001, do 31 de xullo do 2001, o Consello de Ministros mediante o Acordo do 29 de febreiro do 2008, dispuxo a adopción de medidas excepcionais de carácter social a favor das persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación de emprego antes mencionados, sempre e cando tiveran cincuenta o máis anos de idade e estiveran en situación de alta na Seguridade Social, como consecuencia da súa recolocación noutras empresas.

A finalidade de tales medidas, e en concreto a axuda especial, era a de compensar a estas persoas traballadoras, a partir da idade indicada, a diminución producida na súa cotización á Seguridade Social como consecuencia da perda do posto de traballo ao aplicares o ERE, aínda que a posterior fose recolocado, para poder chegar a idade de xubilación causara unha pensión equivalente á que lles correspondería de non proceder con dito expediente.

Estas medidas tiñan carácter de subvención e a xestión das mesmas correspóndelle ao Servizo Público de Emprego Estatal e ás comunidades autónomas con competencias en materia de xestión das políticas activas de emprego.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pois ben, a entrada en vigor de ditas medidas foi o 1 de marzo do 2010 afectándolle a múltiples persoas na Galiza máis, a pesares das reclamacións feitas, a data de hoxe aínda non teñen recibido contestación uns e outros remitiron a súa execución á publicación da norma que implemente dito procedemento.

Chegados a esta altura non esta xustificada a lentitude coa que procede o Goberno galego polo que nos motiva a presentar a seguinte proposición non de lei en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta ao Goberno Galego a:

1º) No prazo dun mes sexa publicada a norma pola que se implementa o procedemento para acceder á axuda especial polos traballadores afectados polos ERE's 76/2000 e 25/2001.

2º) Que no prazo dos tres meses posteriores á publicación de dita norma se faga efectiva a axuda especial a quen así tivera dereito.

Santiago de Compostela, 11 de maio do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**


Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 12/05/2011 11:08:52



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 12/05/2011 11:08:57



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ac abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia ante a comisión 4ª "Educación e Cultura" do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para informar sobre **"o futuro decreto de atención á diversidade"**.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia ante a comisión 4ª "Educación e Cultura" do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para informar sobre "da evolución da posta en marcha do Proxecto ABALAR".

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ac abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia ante a comisión 4ª "Educación e Cultura" do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para informar sobre **"as xestións para potenciar a FP en Galicia"**.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solicítase a comparecencia ante a *Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Compañía de Radio-Televisión de Galicia* do director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia para presentar o "Informe sobre a Xestión do Servizo Público da CRTVG e as súas sociedades dependentes correspondente ao exercicio 2010."

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

h

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Pablo Xabier López Vidal, Carmen Gallego Calvar, Mar Barcón Sánchez e María Quintas Álvarez**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia en Comisión do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, para que explique o proceso de expropiación seguido na estrada PO-548, ao seu paso polo termo municipal de Valga.

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2011

Asdo: Pablo Xabier López Vidal
Carmen Gallego Calvar
Mar Barcón Sánchez
María Quintas Álvarez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 12/05/2011 13:31:30

Carmen Gallego Calvar na data 12/05/2011 13:31:34

María Remedios Quintas Alvarez na data 12/05/2011 13:32:17

María del Mar Barcón Sánchez na data 12/05/2011 13:32:36



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2011 10:20
Nº Rexistro: 64757
Data envío: 06/05/2011 10:20:20.463

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Alfredo Suárez Canal, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O profesorado galego que se presenta como candidato ou candidata ás eleccións municipais de maio de 2011, de acordo co artigo 13.5 do Real Decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, ten dereito ao permiso laboral correspondente durante o tempo de duración da campaña electoral.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria por primeira vez na historia democrática de Galiza négase a nomear profesorado substituto para cubrir ditos permisos. Esta medida é unha falta de respecto aos procesos democráticos e á participación nos mesmos do profesorado galego. Asemade esta decisión pon en perigo o normal desenvolvemento da vida dos centros xunto ao final do curso escolar. Desde o Grupo Parlamentar do BNG non podemos entender nin compartir que o goberno galego tome unha medida tan contraria á participación democrática do profesorado nos comicios municipais.

Por isto formulamos as seguintes preguntas:

1.- Que motivou a decisión de non cubrir as substitucións do profesorado que participa nas eleccións municipais de 2011?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2011 10:20
Nº Rexistro: 64757
Data envío: 06/05/2011 10:20:20.463

2.- É consciente a Consellaría de Educación da decisión tan antidemocrática e contraria á participación nas institucións que está adoptando?


Santiago de Compostela, 7 de maio de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.
Alfredo Suárez Canal
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 06/05/2011 10:19:23

Alfredo Suárez Canal na data 06/05/2011 10:19:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Henrique Viéitez Alonso e Ana Luísa Bouza Santiago, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á explotación mineira situada entre os concellos de Pontedeume e Miño .

No DOG do día catorce do mes pasado publicábase a Resolución do 18 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto de explotación, estudo de impacto e plan de restauración para a autorización de aproveitamento de recursos da sección A) Palacio número 167, situado nos concellos de Miño e Pontedeume, da provincia da Coruña e promovido por Comercio, Transportes y Auxiliares, S.L.

Dito proxecto de explotación, parece ser que pretende que pretende explotar os aproveitamentos mineiros, especialmente a anfíbolita, ao ceo aberto e en chanzos “por motivos económicos”, obtendo o mineral mediante perforacións e voaduras, sen descartar os medios mecánicos.

Dita explotación, que ao parecer, pretende ocupar unha extensión de 41.640 m², estará situada a menos de 50 metros de varias casas, a 340 mts. da capela románica no monte de Bréamo e a menos de 500 mts. dos núcleos de Cermuzo e Buiña tamén proxecta unha vía de acceso que vai discorrer sobre o trazado do Camiño Inglés de Santiago.

Este tipo de explotacións teñen un grande impacto, non so medioambiental, senón tamén sobre a saúde humana, esixindo unhas preventivas e de protección tanto de carácter individual como colectivas, xa que repercuten de xeito directo as persoas que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están traballando na propia explotación e, de xeito indirecto, nas que residen nas proximidades.

Dado os argumentos expostos anteriormente, é polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre esta explotación dos recursos mineiros?.

2ª) Cales son os procesos contemplados para a extracción do mineral ou minerais que se pretenden extraer?.

3ª) Cales son os impactos, na súa distinta gradación, que poden ocasionar estes procesos?

4ª) Cales son as medidas que propón a empresa para eliminar o impacto sobre o medioambiente e a saúde humana ?.

5ª) Vai admitir a vía de acceso sobre o Camiño Inglés de Santiago?.


6ª) Dadas os múltiples impactos que poden ocasionar os distintos procesos, vai autorizar o Goberno galego esta explotación mineira?.

Santiago de Compostela, 5 de Maio do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputado e Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 06/05/2011 10:30:21

Ana Luisa Bouza Santiago na data 06/05/2011 10:30:25



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba, Carmen Acuña Do Campo, Mar Barcón Sánchez e Marisol Soneira Tajés, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 3.^a**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de anular as licencias concedidas polo concello de Fisterra para a construción de vivendas. Mais aló dos motivos que xustifican esta sentenza, e preciso coñecer as consecuencias económicas e sociais de esta iniciativa tanto sobre os propietarios como sobre o concello no caso do cumprimento de sentenza e reposición da legalidade retrotraendo a actuación.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal pode ser o custe para o concello de Fisterra da execución da sentenza de anulación de licencias municipais?
- 2.^a) Cal é o volume de compensación ou indemnización co que o concello deberá compensar aos propietarios das vivendas con licenza municipal logo anuladas?
- 3.^a) Poderá pagar o concello dita indemnización?
- 4.^a) Que medidas está a adoptar o Goberno galego para evitar que os concellos sigan o exemplo de Fisterra e garantir que só concedan licencias ao amparo da legalidade e cos informes oportunos?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Manuel Gallego Lomba
Carmen Acuña do Campo
Mar Barcón Sánchez
Marisol Soneira Tajés



Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 04/05/2011 14:13:21

Ismael Rego González na data 04/05/2011 14:13:26

José Manuel Gallego Lomba na data 04/05/2011 14:13:37

María del Carmen Acuña do Campo na data 04/05/2011 14:13:55

María del Mar Barcón Sánchez na data 04/05/2011 14:14:28

María Soledad Soneira Tajés na data 04/05/2011 14:14:37



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba, Carmen Acuña Do Campo e Mar Barcón Sánchez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 3.^a**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de anular as licencias concedidas polo concello de Barreiros para a construción de vivendas. Mais aló dos motivos que xustifican esta sentenza, e preciso coñecer as consecuencias económicas e sociais desta iniciativa tanto sobre os propietarios como sobre o concello no caso do cumprimento de sentenza e reposición da legalidade, retrotraendo a actuación.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cal pode ser o custe para o concello de Barreiros da execución da sentenza de anulación de licencias municipais?

2.^a) Cal é o volume de compensación ou indemnización co que o concello deberá compensar aos propietarios das vivendas con licenza municipal anuladas?

3.^a) Poderá pagar o concello dita indemnización?

4.^a) Que medidas está a adoptar o Goberno galego para evitar que os concellos sigan o exemplo de Barreiros e garantir que só concedan licencias ao amparo da legalidade e cos informes oportunos?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez

Ismael Rego González

Carmen Acuña do Campo

Manuel Gallego Lomba

Mar Barcón Sánchez



Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 04/05/2011 14:03:45

Ismael Rego González na data 04/05/2011 14:03:50

María del Carmen Acuña do Campo na data 04/05/2011 14:04:03

José Manuel Gallego Lomba na data 04/05/2011 14:04:20

María del Mar Barcón Sánchez na data 04/05/2011 14:04:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba, Carmen Acuña Do Campo, Guillermo Meijón Couselo, Carmen Cajide Hervéz e Pablo Xabier López Vidal, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 3.^a**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de anular o proxecto do polígono industrial promovido pola Deputación de Pontevedra, o polígono de Barro-Meis. Neste caso, o órgano xudicial pon de manifesto a ausencia de servizos nesta actuación.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cree o Goberno galego que é posible reconducir esta actuación dentro da legalidade?
- 2.^a) Cal é o custe dos investimentos en infraestruturas que a Deputación de Pontevedra debería acometer para garantir os servizos?
- 3.^a) Que Administración esta a asumir o custe da conexión viaria deste polígono?
- 4.^a) Cantas empresas mercaron parcelas neste polígono?
- 5.^a) Cal sería o custe de indemnización a estes propietarios si se executa a anulación?
- 6.^a) Que medidas está a adoptar o Goberno galego para evitar que os concellos sigan o exemplo da Deputación de Pontevedra e só aproben proxectos ao amparo da legalidade e cos informes oportunos?

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ismael Rego González
Manuel Gallego Lomba
Carmen Acuña do Campo
Guillermo Meijón Couselo
Carmen Cajide Hervés
Pablo Xabier López Vidal
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 06/05/2011 11:48:20

Ismael Rego González na data 06/05/2011 11:48:24

José Manuel Gallego Lomba na data 06/05/2011 11:48:38

María del Carmen Acuña do Campo na data 06/05/2011 11:48:47

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 06/05/2011 11:48:57

María del Carmen Cajide Hervés na data 06/05/2011 11:49:05

Pablo Xabier López Vidal na data 06/05/2011 11:49:28



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

M^a José Caride Estevez, Ismael Rego González, Manuel Gallego Lomba e Carmen Acuña Do Campo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 3.^a**

No Pleno do 3 de maio de 2011, nunha comparecencia para dar conta da reestruturación do mercado financeiro galego, o Goberno galego anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra o Real Decreto-lei 2/2011, de 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro.

Logo deste anuncio, posterior no tempo á presentación do Plan de Viabilidade e Futuro de Novacaixagalicia onde solicitan o FROB entre 1.500 e 2.622 millóns de euros, parece necesario explicar aos cidadáns as consecuencias que sobre NCG tería a anulación do denominado FROBII.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Esta Novacaixagalicia en condicións de superar os tests de stress sen a achega de recursos públicos do FROBII?
- 2.^a) Cales serán as consecuencias sobre unha entidade de non superar este test?

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2011

Asdo.: M^a José Caride Estevez
Ismael Rego González
Manuel Gallego Lomba
Carmen Acuña do Campo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

María José Caride Estévez na data 06/05/2011 12:38:13

Ismael Rego González na data 06/05/2011 12:38:17

José Manuel Gallego Lomba na data 06/05/2011 12:38:29

María del Carmen Acuña do Campo na data 06/05/2011 12:38:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Teresa Táboas Veleiro, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á aprobación do proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, en Vincios.

O Consello da Xunta aprobou onte, e de xeito definitivo, o proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, situado na parroquia de Vincios, concello de Gondomar. Esta aprobación é a consecuencia directa de que o 1 de abril do 2.008, a Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de Gondomar, a Xunta de Propietarios dos terreos incluídos no ámbito do Plan Especial de Reforma Interior A Pasaxe, e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vincios, subscribiron un Protocolo de Acordo para o desenvolvemento do Polígono Industrial de A Pasaxe, que tiña entre os seus obxectivos promover un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para fixar a ordenación urbanística do polígono industrial de A Pasaxe, impulsando así mesmo a xestión urbanística e a urbanización do referido polígono industrial.

Esta ordenación urbanística perseguía por un lado, superar a situación na que se atopaba o desenvolvemento urbanístico do propio concello e, por outro, a regularización das empresas que viñan desenvolvendo a súa actividade dun xeito inadecuado e non adaptado ás normas.

Máis a Xunta manifesta que, unha vez aprobado o proxecto sectorial, o Goberno galego terá que chegar a acordos cos propietarios das empresas existentes para a repartición dos custos de urbanización e posteriormente iniciar o expediente de expropiación para adquirir os terreos e completar, así, a actuación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Chegados a esta situación é polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Dos custes totais de expropiación e urbanización, de que xeito e como vai repercutilos ás empresas existentes?.

2ª) A canto vai ascender dita repercusión por m2 ás empresas?

3ª) Contempla esta repercusión dos custes tamén a comunidade de montes? De ser certo, como teñen pensado facelo e a canto ascende dito custe?.

4ª) Como contempla a modalidade de pago ás empresas e a comunidade de montes, de ser o caso?.

5ª) Cal é o prazo previsto polo Goberno para chegar aos acordos que demanda cos que lle vai repercutir os custes?. Cal vai ser o prazo para facer efectivo a cantidade total que lles corresponda?.

6ª) Cal é o prazo que se marca o Goberno para expropiar os terreos?. E o prazo para que estean urbanizados e dispoñíbeis para ocupalos as empresas?.


Santiago de Compostela, 6 de Maio do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Carme Adán Villamarín

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 09/05/2011 10:54:28

Maria do Carme Adán Villamarín na data 09/05/2011 10:54:34

Teresa Táboas Veleiro na data 09/05/2011 10:54:36



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar e Carmen Cajide Hervés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O día 7 de maio do presente ano tivemos coñecemento de que no concello de Vila de Cruces, parroquia da Insua lugar de Castro se estaban producindo uns vertidos de lodos nun terreo segundo din os veciños do lugar pertencente a Gas Natural, preto da minicentral de Brandariz e do río Umia.

Non nos consta que no concello de Vila de Cruces teñan información ou haxa outorgado licenza para estes vertidos.

Ante isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia a existencia destes vertidos?
2. Si é así, que tipo de vertidos son?
3. Propiedade de que empresa?
4. Autorizou a Xunta de Galicia a realizar este tipo de vertidos?
5. Comunicou esta autorización ao concello de Vila de Cruces?
6. Que informes ambientais posúe a Xunta de Galicia a cerca destes vertidos, da súa procedencia, do impacto sobre o medio ambiental e saúde sobre as persoas?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar

Carmen Cajide Hervés

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 09/05/2011 12:33:02

María del Carmen Cajide Hervés na data 09/05/2011 12:33:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar e Carmen Cajide Hervés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan se realice a seguinte corrección nos documentos con número de rexistro **64841** e **64842**:

No primeiro parágrafo onde di: “... preto da minicentral de Brandariz e do río Umia.” debe dicir: “...preto da minicentral de Brandariz e do río Ulla.”

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Cajide Hervés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 09/05/2011 14:20:54

María del Carmen Cajide Hervés na data 09/05/2011 14:20:58



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante es Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os profesionais da sanidade completan as súas remuneracións a través do complemento de produtividade variable que vai ligado o cumprimento dos obxectivos recollidos nos acordos de xestión supostamente negociados coa administración para ese ano.

Recentemente abonou a consellería ese complemento correspondente a produtividade. Pero o retraso no pago ha que engadirlle o que os profesionais denuncian como irregularidades.

Irregularidades que fan que se multiplican as queixas e as denuncias dos propios profesionais e dos sindicatos que os representan.

Segundo parece non só se modificaron os acordos previos, senón que ademais hai moito descontento sobre a maneira de aplicalos a determinados servizos e profesionais.

Unha das queixas dos profesionais e que os obxectivos se negocian sobre o funcionamento de todo un servizo, pero agora se están aplicando penalizacións a todos por incumprimentos individuais.

Ademais, en canto o cumprimento do obxectivo de porcentaxe de prescrición de xenéricos, non deron oportunidade para explicar as razóns polas que non se puideron cumprir as expectativas previstas os profesionais que non as alcanzaron antes de sancionalos. Opinan que é discriminatorio xa que non todos os servizos dispoñen de xenéricos por igual.

En canto as baixas laborais parece que chegaron ata aplicar penalizacións por estar de baixa maternal algo que está acordado de sempre que non levaría descontos.



Grupo Parlamentario

Trátase dun diñeiro finalista, pero os recortes non foron revertidos no resto.

En canto o propósito de condicionar o complemento de produtividade variable á non prescrición de novidades terapéuticas os profesionais e, incluso, o presidente do Colexio de Médicos de Galicia tense manifestado absolutamente en contra.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a consellería o descontento reinante entre os profesionais ante o reparto do complemento de produtividade variable e como o explica?
2. Considera que foron medidas impostas ou que tiveron tempo e ocasións suficientes par opinar e manifestar o seu desacordo?
3. Pensa revisar estes problemas e atender as queixas formulados polos profesionais e polos sindicatos, especialmente CEMS e O'mega? De ser así, como, cando e cales serán as medidas a tomar?
4. Modificara a consellería a intención de supeditar o complemento a porcentaxe de fármacos novos prescritos como solicitan os profesionais Considera a consellería que estas medidas limitan a liberdade de prescrición dos facultativos?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 09/05/2011 17:29:35



Grupo Parlamentario

Modesto Pose Mesura na data 09/05/2011 17:29:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante es Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Hospital Comarcal de Cee e dado que o servizo de Hematoloxía é un servizo unipersonal debido a baixa laboral dese profesional, neste momento existen, alí, serios problemas para prestar esa atención adecuadamente.

A demanda ordinaria dese servizo estase atendendo dende o hospital de referencia, dende o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, coa conseguinte sobrecarga para un centro xa a diario moi conxestionado.

Pero é que, ademais, isto ocasiona retardos e problemas debido a distancia existente entre os dous centros hospitalarios. Distancias custosas de salvar non tanto polos quilómetros a realizar, senón polas condicións nas que se atopan as estradas que hai que recorrer.

Sen embargo, o problema máis grave que ocasiona esta ausencia non cuberta dun profesional, é que o servizo descuberto está directamente implicado na marcha da actividade cirúrxica deste centro hospitalario e que, incluso pode resultar imprescindible para resolver determinadas urxencias vitais que poidan xurdir en calquera momento.

Tanto dende o Hospital de Cee como do hospital do CHUAC nos teñen chegado serias queixas que van dende as ocasionadas pola sobrecarga asistencial, polo deterioro na atención, polo exceso de responsabilidade que esta carencia provoca no resto dos profesionais ata as que nos denuncian presións e ameazas sobre os profesionais para que non protesten por ter que traballar nestas condicións tan temerarias.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. E consciente a Consellería de Sanidade das condicións en que se está a funcionar no Hospital de Cee por non cubrir adecuadamente a ausencia do responsable do servizo de hematoloxía? De xurdir algún problema, quen sería o responsable?
2. Que sobrecarga supón para o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña? Cantas intervencións cirúrxicas tiveron que suspenderse no Hospital de Cee por este motivo?
3. Cantos foron os pacientes afectados ata o de agora por esta circunstancia?
4. Cando e como pensan solucionar esta precaria situación do Hospital de Cee?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 09/05/2011 17:31:57

Modesto Pose Mesura na data 09/05/2011 17:32:16



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Recentemente diversas organizacións relacionadas co sector forestal e da madeira alertaban dos resultados económicos negativos no subsector da silvicultura e da madeira, reclamando unha política forestal a longo prazo co fin de aportar estabilidade a propietarios e empresas.

Coincidían así co que durante meses denunciámos os socialistas que alertamos da ausencia e o abandono das políticas de xestión e ordenación forestal dende que o PP chegou ao Goberno da Xunta de Galicia, con importantes recortes en materia de ordenación das producións forestais e de prevención de incendios que acadan os 22 millóns de euros nos exercicios 2010/2011.

E por ese motivo polo que a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cantos empregos se perderon durante o ano 2010 no sector forestal relacionados con actividades no monte e no sector da silvicultura e da madeira?

2.^a) Que valoración fai o Goberno galego ao respecto dos datos económicos durante o ano 2010 no sector forestal da silvicultura e da madeira?

3.^a) Cales son os resultados económicos no sector correspondentes o ano 2011?

4.^a) Que valoración fai o Goberno galego das políticas que para o monte ten posto en marcha, tendo en conta os resultados económicos ao respecto do sector forestal?



Grupo Parlamentario

5.^a) Que valoración fai o Goberno galego ao respecto da nova Lei de montes de Galicia na que está a traballar o Goberno?

6.^a) Cales son os resultados ao respecto da posta en marcha das Sofor?

7.^a) Que valoración fai o Goberno galego ao respecto?

8.^a) Que medidas ten previsto implementar o Goberno galego co fin de dinamizar a actividade no sector forestal de base, co fin de garantir rendas aos propietarios forestais e comunidades de montes veciñais en man común e dinamizar as cortas da madeira ?

9.^a) Ten previsto implementar un plan de emprego no sector forestal co fin de paliar a destrucción de emprego no sector?

10.^a) Estanse a cumprir as previsións de investimentos no monte do PDR de Galicia 2007/2013?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2011

Asdo: Sonia Verdes Gil
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 10/05/2011 12:03:58

Á Mesa do Parlamento

Marta Valcárcel Gómez, Jesús A. Goldar Güimil, Rosa Oubiña Solla e José Fervenza Costas, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

No Concello de Covelo, a máis de 900 m nas serras de O Suído e Faro de Avión, no límite entre as provincias de Ourense e Pontevedra, nace o Río Tea, un río que conta cunha lonxitude de 50 km e un caudal medio de 17,5 m³/s.

Este río atravesa a comarca do Condado, que se sitúa no sur da Provincia de Pontevedra, bañando os Concellos de Covelo, Mondariz, Mondariz - Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño onde se une ao Río Miño na súa desembocadura.

O Río Tea presenta unha vexetación moi rica, sendo a formación típica o ameal ou a formación de amieiros, completada con freixos, salgueiros, bidueiros, cerdeiras, algún carballo..., seguindo a este bosque de galería atopamos unha segunda formación na que aparece a carballeira ou fraga mixta dominada por carballos.

Dentro da súa fauna pódese destacar as súas aves, gabian, garza branca, andoriña, merlo rieiro, paporrubio....

Pero se é coñecido o río Tea é pola gran calidade dos seus peixes, pola súa lamprea o salmón e a anguía.

Incluído dentro da Rede Natura 2000, conta como ven acabamos de relatar cunha fauna e flora variada e dunha tremenda importancia biolóxica, xa que moitas das súas especies están en vías de extinción ou seriamente ameazadas, ademais dentro da súa fauna temos que destacar a presenza de especies migratorias como e o salmón atlántico, a lamprea ou a anguía.

Tendo en conta a gran importancia medioambiental que representa o Río Tea, o gran atractivo natural, ademais da gran importancia na economía e vida dos concellos que atravesamos, formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- Que accións leva realizado a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en relación a mellora ambiental no Río Tea nestes dous últimos anos?
- 2.- Ten previsto realizar algunha nova acción?, de ser afirmativo, ¿cales?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Marta Valcárcel Gómez na data 10/05/2011 13:23:36

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 10/05/2011 13:23:43

Rosa Oubiña Solla na data 10/05/2011 13:23:47

Jose Fervenza Cóstas na data 10/05/2011 13:23:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O peche de determinadas pesqueiras: pescada, lirio, xarda, etc, xunto coa coincidencia da promulgación de vedas en determinadas especies como o polbo ou a centola, terán consecuencias importantes para a nosa flota.

Se ben as axudas decretadas pola Administración, neste caso a do Estado, para sumar o paro polo Plan de Recuperación da Pescada do Sur un mes máis polos recortes do lirio, axudan o mantemento das empresas, pero non impiden que outros produtos veñan a ocupar as posicións que a pesca galega ten gañado nos mercados ao longo do período de parada.

Pero si para a flota de arrastre o Estado ten previsto axudas duns nove millóns de euros durante o período de paralización obrigatoria, dende a Xunta de Galicia non se ten destinado nin un só céntimo para esta continxencia. Tampouco ten previsto, polas declaracións públicas que se teñen feito, ningún tipo de paro biolóxico naquelas pesqueiras que son competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, como é o caso do polbo.

A Consellería do Mar dou de baixa dos seus orzamentos ordinarios para 2010 decenas de millóns de euros por non saber onde gastalos, e os niveis de execución desa consellaría están preto do 40% durante ese mesmo período. A pesar diso a Xunta de Galicia non dedicou nin un só euro a complementar as axudas á paralización da flota do arrastre, afectada polos recortes comunitarios na cota de bacaladilla, nin ten previsto destinar un só céntimo a subvencionar as paradas biolóxicas.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Independentemente da valoración que nos merezan determinadas decisións da UE en materia de política pesqueira, a Xunta de Galicia recibe, da mesma UE que nos recorta de maneira pouco reflexiva as nosas posibilidades de pesca sobre determinadas especies, cuantiosos recursos económicos que poden ser canalizados para paliar as consecuencias desas políticas. O que non parece que teña moito sentido é que renunciemos a gastar todas as posibilidades que nos ofrecen os nosos orzamentos, ou que, por non aportar un 20% deixemos sen executar o 80% que nos aportan outras administracións.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Ten previsto a Consellería do Mar establecer algún tipo de axuda para a flota afectada pola prohibición de pescar, por haber esgotado a cota asignada a España, lirio, independente da do Estado ou complementario desta?

2.^a) En caso afirmativo, por que contía e durante canto tempo?

3.^a) En caso negativo, cales son as razóns?

4.^a) Ten previsto a Xunta de Galicia decretar algún paro biolóxico para as especies sobre as que opera a flota artesanal, e mais especificamente para o polbo?

5.^a) En caso afirmativo, por que período e por que contía?

6.^a) En caso negativo, cales son as razóns?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:


María Soledad Soneira Tajés na data 11/05/2011 11:20:42

María José Caride Estévez na data 11/05/2011 11:20:46

José Manuel Gallego Lomba na data 11/05/2011 11:20:59

Francisco Xulio Cerviño González na data 11/05/2011 11:21:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2011 17:24
Nº Rexistro: 64940
Data envío: 11/05/2011 17:24:20.911

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á situación do polígono industrial de Vimianzo.

En novembro de 2009 o Parlamento acordou por unanimidade, a instancias do BNG, instar á Xunta a axilizar a instalación de empresas nos polígonos empresariais da Costa da Morte a meio de axudas e de abaratamento do prezo das parcelas. Por máis que en setembro de 2010 o conselleiro de Economía e Industria anunciara na Laracha o denominado “Plan Revive Costa da Morte”, presentado como o revulsivo que ía dinamizar a comarca, o polígono industrial de Vimianzo, ao igual que outros da comarca, seguen criando xestas, sen parcelar, sen servizos, sen ningunha industria instalada e sen que nin por parte da Xunta nin do goberno español se adoptase medida ningunha para promover a instalación de empresas, ben a meio de axudas ou através da rebaixa do prezo das parcelas.

Á vista desta situación fórmulanse as seguintes cuestións:

Como se efectivizaron, por parte da Xunta de Galiza, os acordos de novembro de 2009, adoptados por unanimidade do Parlamento, de axilizar a instalación de empresas nos polígonos empresariais da Costa da Morte a meio de axudas e de abaratamento do prezo das parcelas? Que medidas concretas promoveu o goberno galego, derivadas do devandito acordo no caso do polígono empresarial de Vimianzo?

En que medidas se concreta o denominado “Plan Revive Costa da Morte”, presentado en setembro de 2010 polo conselleiro de Economía e Industria na Laracha, no caso do polígono empresarial de Vimianzo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2011 17:24
Nº Rexistro: 64940
Data envío: 11/05/2011 17:24:20.911

Cais son os motivos que impiden a oferta de terreos para a instalación de empresas no polígono empresarial de Vimianzo?

Cando está previsto que se inicien e que se rematen as obras de abastecemento de auga ao polígono empresarial de Vimianzo?

Cando está previsto poñer en funcionamento a EDAR de Vimianzo, que recolle as augas residuais do val de Vimianzo e do polígono empresarial?

Cantas peticións de reunión recibiu o Conselleiro de Economía e Industria, como presidente da empresa SEA promotora do polígono empresarial de Vimianzo, por parte do alcalde deste concello?

Cantas veces se reuniu o Conselleiro de Economía e Industria, como presidente da empresa SEA promotora do polígono empresarial de Vimianzo, coa corporación municipal deste concello para tratar asuntos do polígono empresarial?


Ten previsto a empresa SEA promotora do polígono empresarial, a cesión de terreos ao concello de Vimianzo para a aplicación de políticas de promoción económica e empresarial, como a instalación dun centro de información económica e empresarial, un viveiro de empresas...?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2011 17:24
Nº Rexistro: 64940
Data envío: 11/05/2011 17:24:20.911

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 11/05/2011 17:15:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta con resposta oral na Comisión 5ª** dirixida ao Goberno Galego, relativa ao pagamento da axuda especial a traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego.

Como consecuencia da extinción do contrato de traballo derivado dos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo do 2011 e do 25/2001, do 31 de xullo do 2001, o Consello de Ministros mediante o Acordo do 29 de febreiro do 2008, dispuxo a adopción de medidas excepcionais de carácter social a favor das persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación de emprego antes mencionados, sempre e cando tiveran cincuenta o máis anos de idade e estiveran en situación de alta na Seguridade Social, como consecuencia da súa recolocación noutras empresas.

A finalidade de tales medidas, e en concreto a axuda especial, era a de compensar a estas persoas traballadoras, a partir da idade indicada, a diminución producida na súa cotización á Seguridade Social como consecuencia da perda do posto de traballo ao aplicarse o ERE, aínda que a posterior fose recolocado, para poder chegar a idade de xubilación causara unha pensión equivalente á que lles correspondería de non proceder con dito expediente.

Estas medidas tiñan carácter de subvención e a xestión das mesmas correspóndelle ao Servizo Público de Emprego Estatal e ás comunidades autónomas con competencias en materia de xestión das políticas activas de emprego.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pois ben, a entrada en vigor de ditas medidas foi o 1 de marzo do 2010 afectándolle a múltiples persoas na Galiza máis, a pesares das reclamacións feitas, a data de hoxe aínda non teñen recibido contestación uns e outros remitiron a súa execución á publicación da norma que implemente dito procedemento.

Chegados a esta altura non esta xustificada a lentitude coa que procede o Goberno galego polo que nos motiva a presentar as seguintes preguntas con resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Ten ingresado o Servizo Público de Emprego Estatal a cantidade correspondente á Galiza, na data de rexistro desta pregunta?

2ª) Cales son as razóns de que non se teña publicada a norma pola que se implementa o procedemento para acceder á axuda especial polos traballadores afectados polos ERE's 76/2000 e 25/2001?.

3ª) Que prazo tense marcado o Goberno galego para publicala?.


4ª) Cando vai facer efectivas estas axudas especiais a quen así tivera dereito?.

Santiago de Compostela, 11 de Maio do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Vieitez Alonso na data 12/05/2011 11:02:58

Á Mesa do Parlamento

Marta Valcárcel Gómez, Jesús A. Goldar Güimil, Rosa Oubiña Solla, Enma Álvarez Chao e José Fervenza Costas, Deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

O 5 de novembro de 2010 foi confirmada, polo laboratorio nacional de referencia, a presenza do organismo nocivo *Bursaphelenchus xylophilus*, organismo de corentena causante de importantes perdas nas masas de piñeiros e outras especies sensibles, nunha masa de piñeiros na Comarca do Condado.

A Resolución do 17 de novembro da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza de dito organismo, tras a aparición dunha mostra positiva do nematodo do piñeiro nun piñeiral de Taboexa, no Concello das Neves, e emprende as medidas dirixidas a súa erradicación.

Trala aparición desta mostra positiva do nematodo do piñeiro iniciáronse as medidas encamiñadas a súa erradicación, informándose ás institucións pertinentes, informando aos afectados, tanto con diversas reunións como a través dos dous puntos de información que se estableceron en cada un dos concellos afectados, realizando as prospeccións para determinar o alcance da posible praga, ademais de adoptar as medidas fitosanitarias previstas na normativa comunitaria.

Como consecuencia do protocolo comunitario lévase a cabo a erradicación da árbore onde se encontra a mostra positiva no piñeiral de Taboexa, e empézase o proceso de corta e tala de todas as coníferas nun radio de 1500 km, e posterior tratamento de toda a madeira da zona demarcada, así como marcación un área de corentena en 20 km.

Despois das primeiras reunións informativas mantidas cos propietarios afectados, e tras escoitar as súas demandas de tramitar eles mesmos a corta das coníferas nas súas propiedades, a Consellería acorda con eles que sería cada propietario, previa solicitude do permiso e seguindo as normas necesarias para evitar a propagación do nematodo, tendo como prazo para a solicitude ata finais de xaneiro e cunha execución ata finais de febreiro.

No caso dos propietarios que non soliciten nese prazo a solicitude de corta e a execute no tempo estimado, será a propia administración a que realice a tala das árbores.

Temos que destacar que fai mais de 10 anos que existe un Plan de Detección, plan que se redobrou nos últimos dous anos, froito destes esforzos detectouse un única caso positivo, árbore erradicada despois da confirmación da presenza do organismos, e tal como marca o protocolo.

Unha vez pasado o prazo recomendado para a corta, xa que as árbores tiñan que estar cortadas antes da subida das temperaturas, momento no cal o insecto vector do nematodo, un tipo de escaravello, se activa, co conseguinte perigo.

Polo que realizamos as seguintes preguntas:

- 1.- En que situación se encontra a zona de erradicación?
- 2.- Estanse realizando controis sanitarios ou recollendo mostras como medida preventiva, cantas e que resultados se obtiveron das mesmas?
- 3.- Tense feito a cuantificación dos danos, de habelos, en parcelas privadas ou vías públicas como consecuencia da presenza da maquinaria pesada para facer os labores de talado e retirada das árbores das parcelas afectadas, e están realizadas as reparacións pertinentes de ser necesarias?

4.- Que medidas concretas ten previstas a Consellería de Medio Rural para axudar tanto aos propietarios afectados como as empresas madeireiras da zona?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Marta Valcárcel Gómez na data 12/05/2011 13:40:04

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 12/05/2011 13:40:12

Rosa Oubiña Solla na data 12/05/2011 13:40:15

Maria Emma Álvarez Chao na data 12/05/2011 13:40:19

Jose Ferverza Cóstas na data 12/05/2011 13:40:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2011 10:21
Nº Rexistro: 64759
Data envío: 06/05/2011 10:21:53.915

Á Mesa do Parlamento


María do Carme Adán Villamarín e Alfredo Suárez Canal, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O profesorado galego que se presenta como candidato ou candidata ás eleccións municipais de maio de 2011, de acordo co artigo 13.5 do Real Decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, ten dereito ao permiso laboral correspondente durante o tempo de duración da campaña electoral.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria por primeira vez na historia democrática de Galiza négase a nomear profesorado substituto para cubrir ditos permisos. Esta medida é unha falta de respecto aos procesos democráticos e á participación nos mesmos do profesorado galego. Asemade esta decisión pon en perigo o normal desenvolvemento da vida dos centros xunto ao final do curso escolar. Desde o Grupo Parlamentar do BNG non podemos entender nin compartir que o goberno galego tome unha medida tan contraria á participación democrática do profesorado nos comicios municipais.

Por isto formulamos as seguintes preguntas:

1.- Que motivou a decisión de non cubrir as substitucións do profesorado que participa nas eleccións municipais de 2011?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2011 10:21
Nº Rexistro: 64759
Data envío: 06/05/2011 10:21:53.915

2.- É consciente a Consellaría de Educación da decisión tan antidemocrática e contraria á participación nas institucións que está adoptando?


Santiago de Compostela, 7 de maio de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.
Alfredo Suárez Canal
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 06/05/2011 10:19:03

Alfredo Suárez Canal na data 06/05/2011 10:19:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Henrique Viéitez Alonso e Ana Luísa Bouza Santiago, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á explotación mineira situada entre os concellos de Pontedeume e Miño .

No DOG do día catorce do mes pasado publicábase a Resolución do 18 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto de explotación, estudo de impacto e plan de restauración para a autorización de aproveitamento de recursos da sección A) Palacio número 167, situado nos concellos de Miño e Pontedeume, da provincia da Coruña e promovido por Comercio, Transportes y Auxiliares, S.L.

Dito proxecto de explotación, parece ser que pretende que pretende explotar os aproveitamentos mineiros, especialmente a anfíbolita, ao ceo aberto e en chanzos “por motivos económicos”, obtendo o mineral mediante perforacións e voaduras, sen descartar os medios mecánicos.

Dita explotación, que ao parecer, pretende ocupar unha extensión de 41.640 m², estará situada a menos de 50 metros de varias casas, a 340 mts. da capela románica no monte de Bréamo e a menos de 500 mts. dos núcleos de Cermuzo e Buiña tamén proxecta unha vía de acceso que vai discorrer sobre o trazado do Camiño Inglés de Santiago.

Este tipo de explotacións teñen un grande impacto, non so medioambiental, senón tamén sobre a saúde humana, esixindo unhas preventivas e de protección tanto de carácter individual como colectivas, xa que repercuten de xeito directo as persoas que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

están traballando na propia explotación e, de xeito indirecto, nas que residen nas proximidades.

Dado os argumentos expostos anteriormente, é polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre esta explotación dos recursos mineiros?.

2ª) Cales son os procesos contemplados para a extracción do mineral ou minerais que se pretenden extraer?.

3ª) Cales son os impactos, na súa distinta gradación, que poden ocasionar estes procesos?

4ª) Cales son as medidas que propón a empresa para eliminar o impacto sobre o medioambiente e a saúde humana ?.

5ª) Vai admitir a vía de acceso sobre o Camiño Inglés de Santiago?.

6ª) Dadas os múltiples impactos que poden ocasionar os distintos procesos, vai autorizar o Goberno galego esta explotación mineira?.

Santiago de Compostela, 5 de Maio do 2011.

Asdo. Henrique Viéitez Alonso

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputado e Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 06/05/2011 10:36:23

Ana Luisa Bouza Santiago na data 06/05/2011 10:36:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Teresa Táboas Veleiro, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á aprobación do proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, en Vincios.

O Consello da Xunta aprobou onte, e de xeito definitivo, o proxecto sectorial do parque empresarial da Pasaxe, situado na parroquia de Vincios, concello de Gondomar. Esta aprobación é a consecuencia directa de que o 1 de abril do 2.008, a Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de Gondomar, a Xunta de Propietarios dos terreos incluídos no ámbito do Plan Especial de Reforma Interior A Pasaxe, e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vincios, subscribiron un Protocolo de Acordo para o desenvolvemento do Polígono Industrial de A Pasaxe, que tiña entre os seus obxectivos promover un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para fixar a ordenación urbanística do polígono industrial de A Pasaxe, impulsando así mesmo a xestión urbanística e a urbanización do referido polígono industrial.

Esta ordenación urbanística perseguía por un lado, superar a situación na que se atopaba o desenvolvemento urbanístico do propio concello e, por outro, a regularización das empresas que viñan desenvolvendo a súa actividade dun xeito inadecuado e non adaptado ás normas.

Máis a Xunta manifesta que, unha vez aprobado o proxecto sectorial, o Goberno galego terá que chegar a acordos cos propietarios das empresas existentes para a repartición dos custos de urbanización e posteriormente iniciar o expediente de expropiación para adquirir os terreos e completar, así, a actuación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Chegados a esta situación é polo que presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Dos custes totais de expropiación e urbanización, de que xeito e como vai repercutilos ás empresas existentes?.

2ª) A canto vai ascender dita repercusión por m2 ás empresas?

3ª) Contempla esta repercusión dos custes tamén a comunidade de montes? De ser certo, como teñen pensado fácelo e a canto ascende dito custe?.

4ª) Como contempla a modalidade de pago ás empresas e a comunidade de montes, de ser o caso?.

5ª) Cal é o prazo previsto polo Goberno para chegar aos acordos que demanda cos que lle vai repercutir os custes?. Cal vai ser o prazo para facer efectivo a cantidade total que lles corresponda?.

6ª) Cal é o prazo que se marca o Goberno para expropiar os terreos?. E o prazo para que estean urbanizados e disponibéis para ocupalos as empresas?.

Santiago de Compostela, 9 de Maio do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Carme Adán Villamarín

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 09/05/2011 11:07:18

Maria do Carme Adán Villamarín na data 09/05/2011 11:07:23

Teresa Táboas Veleiro na data 09/05/2011 11:07:25



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar e Carmen Cajide Hervés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 7 de maio do presente ano tivemos coñecemento de que no concello de Vila de Cruces, parroquia da Insua lugar de Castro se estaban producindo uns vertidos de lodos nun terreo segundo din os veciños do lugar pertencente a Gas Natural, preto da minicentral de Brandariz e do río Umia.

Non nos consta que no concello de Vila de Cruces teñan información ou haxa outorgado licenza para estes vertidos.

Ante isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galicia a existencia destes vertidos?
2. Si é así, que tipo de vertidos son?
3. Propiedade de que empresa?
4. Autorizou a Xunta de Galicia a realizar este tipo de vertidos?
5. Comunicou esta autorización ao concello de Vila de Cruces?
6. Que informes ambientais posúe a Xunta de Galicia a cerca destes vertidos, da súa procedencia, do impacto sobre o medio ambiental e saúde sobre as persoas?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar

Carmen Cajide Hervés

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 09/05/2011 12:32:32

María del Carmen Cajide Hervés na data 09/05/2011 12:32:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar e Carmen Cajide Hervés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan se realice a seguinte corrección nos documentos con número de rexistro **64841** e **64842**:

No primeiro parágrafo onde di: “... preto da minicentral de Brandariz e do río Umia.” debe dicir: “...preto da minicentral de Brandariz e do río Ulla.”

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Cajide Hervés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 09/05/2011 14:20:54

María del Carmen Cajide Hervés na data 09/05/2011 14:20:58



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante es Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os profesionais da sanidade completan as súas remuneracións a través do complemento de produtividade variable que vai ligado o cumprimento dos obxectivos recollidos nos acordos de xestión supostamente negociados coa administración para ese ano.

Recentemente abonou a consellería ese complemento correspondente a produtividade. Pero o retraso no pago ha que engadirlle o que os profesionais denuncian como irregularidades.

Irregularidades que fan que se multiplican as queixas e as denuncias dos propios profesionais e dos sindicatos que os representan.

Segundo parece non só se modificaron os acordos previos, senón que ademais hai moito descontento sobre a maneira de aplicalos a determinados servizos e profesionais.

Unha das queixas dos profesionais e que os obxectivos se negocian sobre o funcionamento de todo un servizo, pero agora se están aplicando penalizacións a todos por incumprimentos individuais.

Ademais, en canto o cumprimento do obxectivo de porcentaxe de prescrición de xenéricos, non deron oportunidade para explicar as razóns polas que non se puideron cumprir as expectativas previstas os profesionais que non as alcanzaron antes de sancionalos. Opinan que é discriminatorio xa que non todos os servizos dispoñen de xenéricos por igual.

En canto as baixas laborais parece que chegaron ata aplicar penalizacións por estar de baixa maternal algo que está acordado de sempre que non levaría descontos.



Grupo Parlamentario

Trátase dun diñeiro finalista, pero os recortes non foron revertidos no resto.

En canto o propósito de condicionar o complemento de produtividade variable á non prescrición de novidades terapéuticas os profesionais e, incluso, o presidente do Colexio de Médicos de Galicia tense manifestado absolutamente en contra.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece a consellería o descontento reinante entre os profesionais ante o reparto do complemento de produtividade variable e como o explica?
2. Considera que foron medidas impostas ou que tiveron tempo e ocasións suficientes par opinar e manifestar o seu desacordo?
3. Pensa revisar estes problemas e atender as queixas formulados polos profesionais e polos sindicatos, especialmente CEMS e O'mega? De ser así, como, cando e cales serán as medidas a tomar?
4. Modificara a consellería a intención de supeditar o complemento a porcentaxe de fármacos novos prescritos como solicitan os profesionais Considera a consellería que estas medidas limitan a liberdade de prescrición dos facultativos?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 09/05/2011 17:30:15



Grupo Parlamentario

Modesto Pose Mesura na data 09/05/2011 17:30:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante es Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No Hospital Comarcal de Cee e dado que o servizo de Hematoloxía é un servizo unipersonal debido a baixa laboral dese profesional, neste momento existen, alí, serios problemas para prestar esa atención adecuadamente.

A demanda ordinaria dese servizo estase atendendo dende o hospital de referencia, dende o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, coa conseguinte sobrecarga para un centro xa a diario moi conxestionado.

Pero é que, ademais, isto ocasiona retardos e problemas debido a distancia existente entre os dous centros hospitalarios. Distancias custosas de salvar non tanto polos quilómetros a realizar, senón polas condicións nas que se atopan as estradas que hai que recorrer.

Sen embargo, o problema máis grave que ocasiona esta ausencia non cuberta dun profesional, é que o servizo descuberto está directamente implicado na marcha da actividade cirúrxica deste centro hospitalario e que, incluso pode resultar imprescindible para resolver determinadas urxencias vitais que poidan xurdir en calquera momento.

Tanto dende o Hospital de Cee como do hospital do CHUAC nos teñen chegado serias queixas que van dende as ocasionadas pola sobrecarga asistencial, polo deterioro na atención, polo exceso de responsabilidade que esta carencia provoca no resto dos profesionais ata as que nos denuncian presións e ameazas sobre os profesionais para que non protesten por ter que traballar nestas condicións tan temerarias.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. E consciente a Consellería de Sanidade das condicións en que se está a funcionar no Hospital de Cee por non cubrir adecuadamente a ausencia do responsable do servizo de hematoloxía? De xurdir algún problema, quen sería o responsable?
2. Que sobrecarga supón para o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña? Cantas intervencións cirúrxicas tiveron que suspenderse no Hospital de Cee por este motivo?
3. Cantos foron os pacientes afectados ata o de agora por esta circunstancia?
4. Cando e como pensan solucionar esta precaria situación do Hospital de Cee?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 09/05/2011 17:31:23

Modesto Pose Mesura na data 09/05/2011 17:31:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2011 17:25
Nº Rexistro: 64942
Data envío: 11/05/2011 17:25:28.378

Á Mesa do Parlamento


Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á situación do polígono industrial de Vimianzo.

En novembro de 2009 o Parlamento acordou por unanimidade, a instancias do BNG, instar á Xunta a axilizar a instalación de empresas nos polígonos empresariais da Costa da Morte a meio de axudas e de abaratamento do prezo das parcelas. Por máis que en setembro de 2010 o conselleiro de Economía e Industria anunciara na Laracha o denominado “Plan Revive Costa da Morte”, presentado como o revulsivo que ía dinamizar a comarca, o polígono industrial de Vimianzo, ao igual que outros da comarca, seguen criando xestas, sen parcelar, sen servizos, sen ningunha industria instalada e sen que nin por parte da Xunta nin do goberno español se adoptase medida ningunha para promover a instalación de empresas, ben a meio de axudas ou através da rebaixa do prezo das parcelas.

Á vista desta situación fórmulanse as seguintes cuestións:

Como se efectivizaron, por parte da Xunta de Galiza, os acordos de novembro de 2009, adoptados por unanimidade do Parlamento, de axilizar a instalación de empresas nos polígonos empresariais da Costa da Morte a meio de axudas e de abaratamento do prezo das parcelas? Que medidas concretas promoveu o goberno galego, derivadas do devandito acordo no caso do polígono empresarial de Vimianzo?

En que medidas se concreta o denominado “Plan Revive Costa da Morte”, presentado en setembro de 2010 polo conselleiro de Economía e Industria na Laracha, no caso do polígono empresarial de Vimianzo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2011 17:25
Nº Rexistro: 64942
Data envío: 11/05/2011 17:25:28.378

Cais son os motivos que impiden a oferta de terreos para a instalación de empresas no polígono empresarial de Vimianzo?

Cando está previsto que se inicien e que se rematen as obras de abastecemento de auga ao polígono empresarial de Vimianzo?

Cando está previsto poñer en funcionamento a EDAR de Vimianzo, que recolle as augas residuais do val de Vimianzo e do polígono empresarial?

Cantas peticións de reunión recibiu o Conselleiro de Economía e Industria, como presidente da empresa SEA promotora do polígono empresarial de Vimianzo, por parte do alcalde deste concello?

Cantas veces se reuniu o Conselleiro de Economía e Industria, como presidente da empresa SEA promotora do polígono empresarial de Vimianzo, coa corporación municipal deste concello para tratar asuntos do polígono empresarial?


Ten previsto a empresa SEA promotora do polígono empresarial, a cesión de terreos ao concello de Vimianzo para a aplicación de políticas de promoción económica e empresarial, como a instalación dun centro de información económica e empresarial, un viveiro de empresas...?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2011 17:25
Nº Rexistro: 64942
Data envío: 11/05/2011 17:25:28.378

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 11/05/2011 17:17:24



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta con resposta escrito**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ao pagamento da axuda especial a traballadores afectados por determinados expedientes de regulación de emprego.

Como consecuencia da extinción do contrato de traballo derivado dos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo do 2011 e do 25/2001, do 31 de xullo do 2001, o Consello de Ministros mediante o Acordo do 29 de febreiro do 2008, dispuxo a adopción de medidas excepcionais de carácter social a favor das persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación de emprego antes mencionados, sempre e cando tiveran cincuenta o máis anos de idade e estiveran en situación de alta na Seguridade Social, como consecuencia da súa recolocación noutras empresas.

A finalidade de tales medidas, e en concreto a axuda especial, era a de compensar a estas persoas traballadoras, a partir da idade indicada, a diminución producida na súa cotización á Seguridade Social como consecuencia da perda do posto de traballo ao aplicares o ERE, aínda que a posterior fose recolocado, para poder chegar a idade de xubilación causara unha pensión equivalente á que lles correspondería de non proceder con dito expediente.

Estas medidas tiñan carácter de subvención e a xestión das mesmas correspóndelle ao Servizo Público de Emprego Estatal e ás comunidades autónomas con competencias en materia de xestión das políticas activas de emprego.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pois ben, a entrada en vigor de ditas medidas foi o 1 de marzo do 2010 afectándolle a múltiples persoas na Galiza máis, a pesares das reclamacións feitas, a data de hoxe aínda non teñen recibido contestación uns e outros remitiron a súa execución á publicación da norma que implemente dito procedemento.

Chegados a esta altura non esta xustificada a lentitude coa que procede o Goberno galego polo que nos motiva a presentar as seguintes preguntas con resposta por escrito dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Ten ingresado o Servizo Público de Emprego Estatal a cantidade correspondente á Galiza, na data de rexistro desta pregunta?

2ª) Cales son as razóns de que non se teña publicada a norma pola que se implementa o procedemento para acceder á axuda especial polos traballadores afectados polos ERE's 76/2000 e 25/2001?.

3ª) Que prazo tense marcado o Goberno galego para publicala?.


4ª) Cando vai facer efectivas estas axudas especiais a quen así tivera dereito?.

Santiago de Compostela, 11 de Maio do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Vieitez Alonso na data 12/05/2011 10:53:12

Á Mesa do parlamento

Marta Valcárcel Gómez, Jesús A. Goldar Güimil, Rosa Oubiña Solla, Emma Álvarez Chao e José Fervenza Costas, Deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa contestación por escrito.

O 5 de novembro de 2010 foi confirmada, polo laboratorio nacional de referencia, a presenza do organismo nocivo *Bursaphelenchus xylophilus*, organismo de corentena causante de importantes perdas nas masas de piñeiros e outras especies sensibles, nunha masa de piñeiros na Comarca do Condado.

A Resolución do 17 de novembro da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza de dito organismo, tras a aparición dunha mostra positiva do nematodo do piñeiro nun piñeiral de Taboexa, no Concello das Neves, e emprende as medidas dirixidas a súa erradicación.

Trala aparición desta mostra positiva do nematodo do piñeiro iniciáronse as medidas encamiñadas a súa erradicación, informándose ás institucións pertinentes, informando aos afectados, tanto con diversas reunións como a través dos dous puntos de información que se estableceron en cada un dos concellos afectados, realizando as prospeccións para determinar o alcance da posible praga, ademais de adoptar as medidas fitosanitarias previstas na normativa comunitaria.

Como consecuencia do protocolo comunitario lévase a cabo a erradicación da árbore onde se encontra a mostra positiva no piñeiral de Taboexa, e empézase o proceso de corta e tala de todas as coníferas nun radio de 1500 m, e posterior tratamento de toda a madeira da zona demarcada, así como marcación un área de corentena en 20 m.

Despois das primeiras reunións informativas mantidas cos propietarios afectados, e tras escoitar as súas demandas de tramitar eles mesmos a corta das coníferas nas súas propiedades, a Consellería acorda con eles que sería cada propietario, previa solicitude do permiso e seguindo as normas necesarias para evitar a propagación do nematodo, tendo como prazo para a solicitude ata finais de xaneiro e cunha execución ata finais de febreiro.

No caso dos propietarios que non soliciten nese prazo a solicitude de corta e a execute no tempo estimado, será a propia administración a que realice a tala das árbores.

Temos que destacar que fai mais de 10 anos que existe un Plan de Detección, plan que se redobrou nos últimos dous anos, froito destes esforzos detectouse un único caso positivo, árbore erradicada despois da confirmación da presenza do organismos, e tal como marca o protocolo.

Unha vez pasado o prazo recomendado para a corta, xa que as árbores tiñan que estar cortadas antes da subida das temperaturas, momento no cal o insecto vector do nematodo, un tipo de escaravello, se activa, co conseguinte perigo.

Polo que realizamos as seguintes preguntas:

- 1.- En que situación se encontra a zona de erradicación?
- 2.- Estanse realizando controis sanitarios ou recollendo mostras como medida preventiva, cantas e que resultados se obtiveron das mesmas?
- 3.- Tense feito a cuantificación dos danos, de habelos, en parcelas privadas ou vías públicas como consecuencia da presenza da maquinaria pesada para facer os labores de talado e retirada das árbores das parcelas afectadas, e están realizadas as reparacións pertinentes de ser necesarias?

4.- Que medidas concretas ten previstas a Consellería de Medio Rural para axudar tanto aos propietarios afectados como as empresas madeireiras da zona?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011

Asinado dixitalmente por:

Marta Valcárcel Gómez na data 12/05/2011 13:39:04

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 12/05/2011 13:39:10

Rosa Oubiña Solla na data 12/05/2011 13:39:17

Maria Emma Álvarez Chao na data 12/05/2011 13:39:21

Jose Fervenza Cóstas na data 12/05/2011 13:39:26



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727